

XUSTIFICANTE DE REXISTRO

En cumprimento do establecido no artigo 16.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, faise constar a recepción no Rexistro Xeral da Deputación e Ourense da seguinte documentación:

MOCION PARA A CREACION NUNHA COMISION DE INVESTIGACION SOBRE AS IRREGULARIDADES DETECTADAS NO SISTEMA DE BOMBEO DE AUGA ENTE O RIO MIÑO E OS CONCELLOS DE PUNXIN , CENLE E SAN AMARO

Nome	Documento de Identificación	en calidade de
BNG - DO -PSOE		INTERESADO

A documentación presentada é a seguinte:

Documento	Descrición	CSV*
Moción	Moción	11340612113565421713

A dita documentación foi rexistrada correctamente, cos seguintes datos rexistras:

Número de Rexistro:	2017031035
Data de presentación:	05/10/2017 11:17
Data Rexistro	05/10/2017 11:17
Código Seguro de Verificación:	11773700606254622133

Teléfono:

Teléfono:

Correo electrónico:



FRANCISCO JOSÉ FRAGA CIVEIRA, deputado do GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA na Deputación de Ourense; **ARMANDO OJEA BOUZO**, deputado do GRUPO PROVINCIAL DE DEMOCRACIA OURENSANA na Deputación de Ourense e **RAMIRO RODRÍGUEZ SUÁREZ** deputado do GRUPO PROVINCIAL DO BNG na Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN SOBRE AS IRREGULARIDADES DETECTADAS NO SISTEMA DE BOMBEO DE AGUA ENTRE O RÍO MIÑO E OS CONCELLOS DE PUNXÍN, CENLLE E SAN AMARO**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai anos, unha comisión intermunicipal veciñal ven investigando e denunciando supostas irregularidades na xestión do sistema de bombeo Razamonde-San Trocado, que transvasa auga entre o río Miño e os concellos de Cenlle, Punxín e San Amaro, posto que se trata dunha ampla zona na que non se poden empregar para subministro os mananciais subterráneos, por estar intoxicados con altas cantidades de arsénico. A Deputación Provincial de Ourense ten delegada a asistencia técnica e a xestión do consumo de enerxía eléctrica deste sistema de abastecemento, mediante a sinatura de convenios con estes concellos.

A comisión veciñal denuncia sobrecustes de todo tipo nos custes que a Deputación Provincial repercute ás arcas municipais ou existencia dunha “fuga” de auga de 100.000 metros cúbicos ó ano que ninguén sabe onde está, entre outras presuntas irregularidades que a Deputación, ata o de agora, non quixo aclarar. Hai uns días, o Consello de Contas de Galicia acordou fiscalizar os feitos relatados pola comisión intermunicipal, nas análises sobre as contas públicas e a estabilidade orzamentaria das corporacións locais de Cenlle, Punxín e San Amaro.

Ante a falta de respostas detalladas que aclaren as supostas irregularidades descritas polo miúdo nos informes da comisión intermunicipal e ante a resolución de fiscalización económica emitida polo Consello de Contas de Galicia, e ante a evidente implicación da Deputación de Ourense na xestión do sistema de bombeo, atendendo ó descrito no artigo 6 do Regulamento Orgánico institución provincial, resulta procedente a creación dunha comisión de investigación interna que permita o esclarecemento dos feitos.


Polo exposto, preséntanse as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:

1. Crear unha comisión de investigación de carácter especial para o estudo da xestión do sistema de bombeo de auga entre o río Miño e os concellos de Punxín, Cenlle e San Amaro.


Esta comisión informativa de carácter especial axustarase ás seguintes regras:

- a) A comisión estará integrada polo presidente, e membros dos grupos políticos que forman o Pleno da Corporación de forma proporcional á súa representación.
- b) A designación dos representantes da comisión corresponderalle a cada grupo político, mediante escrito dirixido á Presidencia polo portavoz de cada grupo, no que se poderán incluír os suplentes que se consideren necesarios.
- c) A primeira sesión da comisión será convocada á semana seguinte da toma deste acordo. A comisión levará a cabo o seu traballo conforme co calendario de sesións que estableza a propia comisión
- d) A comisión poderá solicitar os informes e asesoramentos que considere oportunos, así como acordar a práctica das probas que se estimen pertinentes para o esclarecemento dos feitos.
- e) Os empregados ó servizo da Deputación Provincial e das súas entidades dependentes, así como os representantes das empresas concesionarias de servizos públicos, estarán obrigados a comparecer ante estas comisións co obxecto de prestar declaración sobre o asunto de que se trate.


En Ourense, a 5 de outubro de 2017



FRANCISCO JOSÉ FRAGA CIVEIRA



ARMANDO OJEA BOUZO



RAMIRO RODRÍGUEZ SUÁREZ

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE